



FERVENZAS DO BARBANZA

Adela Leiro, Mon Daporta



Distancia:

Porto do Son-Ribasieira: 9,5 km

Xuño-Ribasieira: 7,5 km

Ribeira-Oleiros-Portas: 5,5 km

A Pobra-Aldeavella: 3,8 km

Boiro-Cubelos: 9,7 km


Burés-Ferreiría: 3,2 km

Ponte Beluso-Fruíme: 4,5 km

Rianxo-Porto do Son: 48 km

Dificultade: baixa

Duración: unha xornada



Os cumes achairados do Barbanza recollen moita auga que baixa en numerosos regueiros e pequenos ríos polas empinadas ladeiras rochosas ata caeren ao mar. Nelas excavan profundos vales e canóns e forman rápidos, pozas e fervenzas que presentan o seu mellor aspecto durante a tempada de chuvias.

Fervenzas de Ribasieira ou da Madalena

No río Sieira, na parroquia de Ribasieira (Porto do Son). Un conxunto de fervenzas formado por varios saltos de 15, 10, e 4 m. Máis arriba e máis abaixo hai outras máis pequenas.

COMO CHEGAR

Pódese acceder desde Porto do Son, pola estrada que está sinalada (9,5 km) ou desde Xuño pola estrada que vai a A Trabe e á igrexa da Madalena (7,5 km). Déixase o coche no aparcamento da igrexa da Madalena e un pouco máis arriba, en dirección á Trabe hai un camiño que en 10 minutos a pé conduce a varios miradores sobre as fervenzas.



Fervenzas de Ribasieira



Fervenza de Portas ou San Amedio

No río de Portas ou Arlés, na parroquia de Oleiros (Ribeira). O río ten varias fervenzas, rápidos e tobogáns. A máis alta mide uns 15 m de altura.

COMO CHEGAR:

Pódese acceder desde Oleiros ou desde A Pobra (pola estrada da Curota). Vese desde o camping Ría de Arousa 2 e pódese chegar polo camiño que rodea o camping pola dereita e sobe ao monte. Tamén se pode baixar desde San Amedio, na Curota.



Fervenza de Portas

Fervenzas dos ríos Pedras e Barbanza

Nos ríos Pedras (Barbanza) e Folgoso ou San Xoán, na parroquia de Lesón (A Pobra do Caramiñal)

COMO CHEGAR

En Pobra do Caramiñal cóllese a estrada ata Aldeavella (3,8 km) e logo vaise a pe ata a ponte da Misarela (1 km).

Despois de cruzar a ponte e os restos do mosteiro de San Xoán da Misarela ascéndese por un camiño ata chegar ás fervenzas e pozas do río Folgoso. Pola dereita da ponte báixase ata a confluencia co río Barbanza e o e canón.



Fervenza
no río Folgoso

Fervenza de Cubelos ou Cadarnoxo

No río Graña, afluente do Corroño, en Cadarnoxo, na parroquia de Cures (Boiro). Cae nun salto de 30 m en rochas graníticas.

COMO CHEGAR:

Na estrada de Boiro a Noia cóllese un desvío en Moimenta que vai ata a Estación de Vixiancia Aérea e despois de 500 m cóllese a estrada que pasa pola fervenza.

O río Barbanza excava unha fonda gorxa ao baixar da serra onde alternan pozas, rápidos e pequenas fervenzas.



Fervenza de Fruíme

No río Beluso ou da Escabia, en Fruíme (Lousame)

COMO CHEGAR:

Pola estrada que vai de Ponte Beluso a Lousame cóllese o desvío a Fruíme e A Escabia. A fervenza atópase a carón da estrada.

Fervenza do Bastón

No río Treito, afluente do Te, na parroquia de Araño (Rianxo). varios pequenos saltos, o máis grande ten uns 3 m de altura.

COMO CHEGAR:

Na estrada de Padrón a Riveira entre Burés e Araño cóllese á dereita un cruce que vai a Ermida e Ferreiría. Séguese ata Ferreiría onde remata a pista asfaltada (2,3 km), continúaase por unha pista de terra durante uns 800 m e logo andando por un camiño que segue e despois por unha desviación á dereita que baixa cara ao río (outros 700 m).



Fervenza do Bastón



Fervenza de Cadarnoxo



Fervenza
de Fruíme